

DIRECTRICES PARA A COOPERACIÓN INTERNACIONAL AO DESENVOLVEMENTO

Decembro de 2022

PREÁMBULO

A potencialidade das administracións locais en materia de cooperación internacional ao desenvolvemento é indiscutible. Ademais de ser recoñecida nos diferentes textos normativos tanto de Galicia como do Estado, a cooperación desenvolvida polas administracións locais, a cooperación municipalista, conta cunha serie de peculiaridades que a diferencian de calquera outro tipo de cooperación. En primeiro lugar, permite un maior achegamento entre a poboación do Norte e Sur Global, concretamente entre os concellos e deputacións de Galicia e os municipios dos países nos que cooperamos. Así mesmo, ten un gran potencial para favorecer os procesos de fortalecemento institucional dos municipios do Sur Global, contribuíndo deste xeito á paz, á democracia e ao bo goberno, cuestións de extrema relevancia cando falamos de desenvolvemento dos pobos.

Por outra banda, o marco actual da Axenda 2030, cos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible (ODS) na súa cabeceira, incentivan e poñen de relevancia o papel fundamental que desenvolven as administracións locais para a consecución dos 17 Obxectivos a nivel global, sinalándoos como axentes clave para o desenvolvemento.

A cooperación desenvolvida polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade entra dentro da categoría de cooperación municipalista, o que significa que se establece desde as administracións locais galegas para, prioritariamente, destinala ás administracións locais ou rexionais dos países cos que cooperamos. Trátase, por tanto, de favorecer as relacións entre homólogos, con reciprocidade e interese mutuo, que vai máis alá da cooperación internacional, chegando a formar parte da acción exterior de Galicia.

Para a redacción das presentes Directrices, baseámonos na propia experiencia do Fondo Galego tras 25 anos de traxectoria, así como nas características propias das administracións locais galegas e a súa experiencia e inquiredanzas en materia de cooperación ao desenvolvemento. Cómpre destacar que estas Directrices emanan tamén das respostas obtidas no cuestionario elaborado a tal efecto e para o que as entidades socias deron resposta entre os meses de marzo e abril da anualidade 2022.

PRIMEIRO: OBXECTO

Seguindo o marco de actuación do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, definido nos seus estatutos, as presentes Directrices xorden da necesidade de reflectir, visibilizar e concretar todas as cuestións relativas á operativa da cooperación internacional ao desenvolvemento impulsada desde a nosa entidade. Por tanto, as Directrices teñen por obxecto definir a política de cooperación internacional ao desenvolvemento impulsada polo Fondo Galego.

Establécense como unha guía a seguir, fixando as liñas de actuación, as prioridades xeográficas e sectoriais e instrumentos que se van empregar para facer efectiva a cooperación internacional, tendo presente os recursos económicos, institucionais e humanos da entidade, co obxectivo de redundar nunha maior eficacia, eficiencia e impacto da cooperación impulsada polo Fondo Galego.

SEGUNDO: MISIÓN E VISIÓN

MISIÓN

Contribuír á erradicación da pobreza e das desigualdades globais, no marco dos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible, canalizando e operativizando a solidariedade das administracións locais galegas, na procura dunha maior coordinación, impacto e eficiencia.

VISIÓN

Ser a entidade de referencia no eido da cooperación internacional ao desenvolvemento por parte da administración local galega, así como contribuír ao sistema galega de cooperación con aquelas potencialidades que amosan os gobernos locais.

TERCEIRO: PRINCIPIOS DA COOPERACIÓN

A administración local, como a administración máis achegada á cidadanía, debe amosar o seu compromiso pola construción dun mundo máis xusto e equitativo, de acordo aos seguintes principios:

- A defensa e promoción dos dereitos humanos e liberdades fundamentais, a paz, a democracia e a participación cidadá.
- O recoñecemento do ser humano na súa dimensión individual e colectiva, como protagonista e destinatario último da política de cooperación ao desenvolvemento.
- A promoción do desenvolvemento humano respectuoso co medio ambiente e coa igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- A loita contra a pobreza, concibida esta como unha circunstancia multidimensional.

- O municipalismo, baseado na crenza de que o reforzo do poder local, como administración máis próxima á cidadanía, é unha canle para mellorar as condicións de vida da poboación.

CUARTO: OBXECTIVOS DA COOPERACIÓN

Acadar que o municipalismo galego achegue para cooperación internacional ao desenvolvemento o 0,7% dos ingresos correntes dos seus orzamentos, tendo así maior impacto e capacidade para fomentar o desenvolvemento dos pobos máis empobrecidos.

- a) Facilitar a implicación das administracións locais galegas en cooperación internacional a través de misión de seguimento e asistencias técnicas nos proxectos.
- b) Fomentar a colaboración e cooperación entre municipios que teñan interese en apoiar unha mesma proposta de cooperación internacional ao desenvolvemento, a través do cofinanciamento, xestionando os proxectos, e propiciando deste xeito alianzas que garantan a súa continuidade no tempo.
- c) Incrementar a participación do persoal da administración local en tarefas de cooperación internacional ao desenvolvemento a través do voluntariado e do programa Especialistas en Cooperar, co que se achega a experiencia técnica das nosas administracións a outras entidades ou gobernos locais dos países cos que o Fondo Galego mantén unha relación de cooperación.

QUINTO: LIÑAS DE ACTUACIÓN

1. Proxectos de cooperación internacional ao desenvolvemento e axuda humanitaria impulsados de xeito directo.

Os proxectos de cooperación internacional ao desenvolvemento realizados de xeito directo consisten en actuacións concretas impulsadas polo Fondo Galego e os parceiros locais nos países cos que se mantén unha relación de cooperación, con obxectivos, duración e actividades que permitan chegar á consecución duns resultados previamente establecidos e que melloren as capacidades e calidade de vida das persoas beneficiarias, coa meta de que sexan elas mesmas as que poidan definir o seu propio desenvolvemento.

En canto á axuda humanitaria, o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade establece unha liña de cooperación directa coa poboación refuxiada saharauí, coa que o Fondo Galego manterá unha liña estable de financiamento.

Asemade, o Fondo Galego poderá contribuír de xeito directo con outras situacións de emerxencia humanitaria derivadas de catástrofes naturais ou conflitos, ou mesmo

potenciar o traballo na prevención de riscos de desastres, reconstrución e rehabilitación material e social (post-emerxencia), dependendo da capacidade orzamentaria existente en cada momento.

O mecanismo para xestionar a selección destes proxectos será a seguinte:

1º Comunicación aos parceiros locais do prazo de presentación das propostas, dos requisitos dos proxectos e documentación a presentar.

2º Avaliación das propostas presentadas.

3º Resolución dos proxectos a apoiar e financiar de xeito directo.

Alén do financiamento dos proxectos de cooperación internacional ao desenvolvemento e acción humanitaria por parte do Fondo Galego, as administracións locais que o desexen poderá contribuír coa financiación de proxectos como un extra na súa contribución á cooperación internacional, actuando o Fondo Galego como canle da solidariedade do poder local galego.

Asemade, poderán ser realizadas misións de seguimento por parte de representantes políticos e persoal técnico do Fondo Galego para garantir a correcta execución dos proxectos, así como para fomentar as alianzas cos parceiros do Sur.

2. Proxectos de cooperación internacional ao desenvolvemento e axuda humanitaria impulsados de xeito indirecto.

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade impulsará proxectos de cooperación internacional ao desenvolvemento das ONGD galegas ou con presenza en Galicia, como fórmula de contribuír ao fortalecemento das ONGD presentes na nosa Comunidade Autónoma así como ao traballo que estas realizan. O mecanismo para a canalización destas axudas será a través de convocatoria pública de axudas.

Por outra banda, resérvase a posibilidade de que, perante situacións de emerxencia humanitaria derivadas de catástrofes naturais ou conflitos (en países prioritarios ou non para o Fondo Galego) se poidan levar a cabo axudas puntuais a través de ONGD galegas ou con sede en Galicia para contribuír a paliar a situación. O mecanismo para a xestión destas axudas será o convenio de colaboración.

3. Programas de cooperación técnica e voluntariado.

A cooperación técnica que potencialmente pode realizar o persoal técnico da administración local de Galicia é unha das ferramentas máis potentes e específicas da cooperación internacional ao desenvolvemento que se practica desde o municipalismo. Asemade, a experiencia e coñecementos do persoal municipal son un pilar fundamental no desenvolvemento das funcións da administración local. Contando coas novas ferramentas tecnolóxicas, hoxe en día é posible realizar voluntariado a distancia, conectando realidades distintas, pero intereses comúns.

Os obxectivos de ambos programas son: o intercambio de coñecementos, o achegamento ao traballo que o Fondo Galego desenvolve nos países do Sur Global, reforzar as capacidades das administracións públicas e asociacións da cidadanía dos países cos que cooperamos, procurar un maior e mellor coñecemento das outras

realidades e contextos e fomentar a implicación por parte da administración local galega no compromiso solidario internacional.

SEXTO: PRIORIDADES XEOGRÁFICAS

Na medida en que a cooperación internacional ao desenvolvemento engloba todas as accións encamiñadas a promover o desenvolvemento humano sostible nos países máis desfavorecidos, o Fondo Galego dá prioridade a algunhas áreas xeográficas, sendo consecuente cos recursos económicos da asociación, tendo en conta a traxectoria e experiencia da entidade, así como as súas vantaxes comparativas, para tratar de lograr unha máxima eficacia e impacto no uso deses recursos. No entanto, é importante destacar e visibilizar as peculiaridades da cooperación internacional ao desenvolvemento realizada polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, un actor municipalista que ten a capacidade de relacionarse con gobernos locais e rexionais dos países cos que coopera. É dicir, unha das súas potencialidades é a de poder establecer relacións de cooperación con homólogos do Sur, reforzando así aspectos como a democracia, o bo goberno, a transparencia na xestión e as alianzas a nivel internacional.

Por tanto, por razóns de lóxica, eficacia e tendo en conta as vantaxes comparativas do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, considéranse países prioritarios para o desenvolvemento de proxectos de cooperación internacional ao desenvolvemento e axuda humanitaria xestionados de xeito directo os seguintes:

- Cabo Verde
- Campamentos de persoas refuxiadas Saharauís
- Cuba
- Guinea Bissau
- Mozambique

No caso dos proxectos de cooperación internacional ao desenvolvemento e axuda humanitaria xestionados de xeito indirecto establécese a posibilidade de ampliar os países prioritarios a aqueles definidos como tal no Plan Director da Cooperación Galega vixente en cada momento.

SÉPTIMO: PRIORIDADES SECTORIAIS

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade considera como prioritarios os seguintes sectores de actuación nos países e poboacións coas que coopera:

o fortalecemento institucional dos municipios dos países cos que coopera, os que fortalezan as estruturas democráticas e participativas da sociedade civil e os relativos á mellora da gobernabilidade e os dereitos humanos.

- a) Fortalecemento institucional e mellora do goberno de municipios en materia de igualdade de xénero, medio ambiente e prevención fronte desastres naturais, planificación territorial, xestión urbanística e servizos esenciais, ciclo da auga, ciclo de residuos, turismo sostible, servizos sociais e deporte.
- b) Impulso do apoderamento da sociedade civil a través de estruturas democráticas e participativas.
- c) Atención aos seguintes dereitos humanos: nutricionais, educación, vivenda, acceso á auga e saneamento e atención á infancia, maiores e outros colectivos vulnerables.
- d) Impulso da igualdade de xénero e o apoderamento de mulleres e nenas, na procura do exercicio pleno dos seus dereitos.
- d) Protección do ambiente e loita contra o cambio climático, promovendo medidas que reduzan o impacto do cambio climático na vida das persoas e o impulso do emprego de enerxías renovables.

OITAVO: EIXOS ESTRATÉXICOS

Atendendo aos principios, obxectivos e prioridades xeográficas e sectoriais antes sinalados, son considerados eixos estratéxicos do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, como liñas a manter no tempo, as seguintes:

- a) O reforzo institucional e o poder local, na conciencia de que á a entidade política natural con obriga de atender as necesidades e os dereitos da cidadanía, servindo de motor para o desenvolvemento local.
- b) Capacitación e formación de cadros técnicos e políticos dos países cos que se mantén unha relación de cooperación, así como os intercambios de experiencias entre os cadros técnicos e políticos dos gobernos locais dos países do Sur Global e os galegos.

NOVENO: INSTRUMENTOS

Para facer operativas as seguintes Directrices, o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade disporá, principalmente, de cinco instrumentos:

- Convenios cos parceiros do Sur Global cos que o Fondo Galego mantén unha relación directa de cooperación, para o desenvolvemento de proxectos de cooperación internacional ao desenvolvemento e axuda humanitaria.
- Convenios con ONGD galegas ou con presenza en Galicia, para, eventualmente, apoiar proxectos de axuda humanitaria en países non prioritarios para o Fondo

Galego ou naqueles contextos nos que sexa complicado xestionala de xeito directo.

- Convocatoria bianual de axudas para proxectos de cooperación internacional ao desenvolvemento impulsados por ONGD da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Programa de cooperación técnica Especialistas en Cooperar.
- Programa de voluntariado de cooperación internacional ao desenvolvemento: Para dar continuidade ás ansias de solidariedade, motivación e implicación do persoal dos gobernos locais, fórmase este programa que posibilitará a cooperación do voluntariado a través do traballo online e, puntualmente, a través de breves estadias presenciais, para desenvolver asistencia técnica vinculadas cos proxectos de cooperación internacional ao desenvolvemento.

DÉCIMO: AVALIACIÓN E SEGUIMENTO

Seguindo os criterios recoñecidos para a realización dunha cooperación internacional ao desenvolvemento de calidade, o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade levará a cabo a avaliación dos proxectos financiados, ben a través de convenio ou de convocatoria.

A avaliación técnica dos proxectos de cooperación internacional ao desenvolvemento e axuda de emerxencia será realizada pola **Comisión Avaliadora de Proxectos**. Preténdese con isto asegurar a igualdade no tratamento das propostas e a imparcialidade na observación da calidade das mesmas, eliminando a posibilidade de calquera concorrencia de intereses por parte das persoas encargadas da avaliación e garantindo, á súa vez, a liberdade de valoración das mesmas en ausencia de calquera interferencia externa no seu labor.

A Comisión Avaliadora de Proxectos do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade é a encargada de estudar e informar, de xeito motivado, a proposta de resolución das axudas a proxectos de cooperación ao desenvolvemento obxecto de subvención tanto por concorrencia competitiva como por subvencións directas (convenios). Estará integrada por persoal técnico non eventual dos concellos e deputacións socias do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, constituíndo un grupo de cinco persoas, e tratando de teña un perfil multidisciplinar, na medida das posibilidades, e ademais, un máximo de dous membros do persoal técnico do propio Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

As súas funcións principais serán:

1. Acompañar ao persoal técnico do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade na avaliación das solicitudes presentadas.
2. Vixiar polo cumprimento dos principios establecidos na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Formular a proposta de resolución a elevar á Comisión Executiva do Fondo Galego, baseada nos criterios fixadas polas propias convocatorias no caso de concorrencia competitiva ou decididos polo órgano competente para o caso de subvencións directas (convenios). Dita proposta incluírá un listado ordenado das propostas presentadas de acordo coa puntuación obtida, detallando os que resultan beneficiarios da axuda e os que resultan denegados ou excluídos, así como a distribución dos fondos.

A Comisión Avaliadora estará asistida polo persoal técnico do Fondo Galego de Cooperación e Desenvolvemento, que facilitará a documentación e información necesaria para o cumprimento das súas funcións.

A Comisión Avaliadora de Proxectos será nomeada pola Comisión Executiva do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade cada vez que teña lugar a convocatoria de proxectos de cooperación ao desenvolvemento ou se avalíe unha subvención directa (convenio). Na súa composición procurarase a paridade entre mulleres e homes. Non poderán formar parte da Comisión Avaliadora de Proxectos: cargos públicos representativos, persoal de confianza e persoal eventual.

A proposta de resolución será adoptada por maioría de votos dos e das membros da Comisión Avaliadora de Proxectos.

Por outra banda, considérase inestimable levar a cabo un seguimento continuado dos proxectos de cooperación en execución como ferramenta de acompañamento, apoio, supervisión e axuste. Esta tarefa queda encomendada, tecnicamente, ao persoal técnico do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, e politicamente, ás persoas que conforman a Comisión executiva da entidade.